



## COMEZA A IX EDICIÓN DE NAS ONDAS, O FESTIVAL DE MÚSICA E DAS ARTES DO CONSERVATORIO SUPERIOR DE MÚSICA DE VIGO

**Gran inauguración pola paz en solidariedade con Ucraína o 20 e 22 de febreiro por docentes de música de Kiev e Kharkiv.**

**NAS ONDAS 2024, un fervedoiro de música europea e galega con 41 concertos ao longo de 5 meses.**

Vigo, 15 de febreiro de 2024

O Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSM de Vigo) presenta o IX Festival de Música e das Artes NAS ONDAS, que se desenvolverá entre o 20 de febreiro e o 11 de xuño de 2024.

NAS ONDAS ofrecerá na súa novena edición unha programación variada que acentúa os seus acenos de identidade: a produción propia, a presenza de intérpretes procedentes de diferentes institucións europeas e a posta en valor da música galega.

Os 41 eventos, gratuítos e de libre entrada ata completar aforo, celebraranse principalmente no Auditorio Martín Códax aínda que tamén na Igrexa de San Francisco de O Berbés e o Auditorio Praza do Rei. No festival danse cita concertos, obradoiros, clases maxistras e relatorios articulados en distintos ciclos: De Piano, Semana da Música Antiga, V Semana Internacional do Clarinete, PercusiónFest, Saxornadas, Explurart, Abrente e Semana das Letras Galegas.

### CONCERTOS DE INAUGURACIÓN POLA PAZ EN UCRAÍNA

A próxima semana, o 20 e 22 de febreiro ás 20 horas, o Auditorio Martín Códax será protagonista de dous concertos inéditos que inauguran a novena edición do festival NAS ONDAS, a cargo de 8 profesores ucraínos que viaxan a Vigo para render un novo agradecemento á cidade a través da interpretación dun repertorio variado en diferentes formacións instrumentais con violoncelo, fruta e piano, así como a dous pianos. “Ademais de contar coa experiencia docente, que é de alta calidade, poderase vivir de primeira man as súas experiencias vitais de como afecta as súas vidas persoais e laborais a terrible situación de estar a vivir unha, e nunha guerra”, afirma Esteban Valverde, director do Conservatorio Superior de Música de Vigo (CSM de Vigo).



En febreiro de 2020, ao comezo do conflito bélico, o CSM de Vigo mobilizouse para acoller o máximo posible de alumnado ucraíno co fin de ofrecer unha contorna segura e non interromper a súa educación musical, á vez que as institucións ucraínas solicitaban axuda a Europa. “Foi un proceso moi complexo e emocionante”, comenta o responsable das relacións internacionais do conservatorio vigués, José Luis Fernández. “O alumnado destas institucións, especialmente o alumnado feminino atopábase en residencias de estudantes e nas peores condicións”, engade.

A cooperación coas institucións musicais ucraínas xestouse antes da guerra, xa que o CSM de Vigo iniciou a súa colaboración en 2016 a través dos programas de mobilidade Erasmus+. Desde esa data realizáronse 67 intercambios de alumnado e docentes coa Universidade de Artes de Kharkiv, o Conservatorio Nacional Tchaikovsky de Kiev, así como coa Orquestra Nacional de Ucraína. “O CSM de Vigo é unha institución punteira dentro do Programa Erasmus+, que a Unión Europea canaliza en España a través do SEPIE”, resalta Esteban Valverde.

Xunto a outras institucións europeas, o CSM de Vigo púxose a traballar na evacuación do alumnado conseguindo sacar do país a un gran número de novos estudantes para que puidesen seguir os seus estudos en conservatorios de toda Europa. A Vigo, conseguiuase traer 14 alumnas e 1 alumno, grazas tamén á axuda que ofreceron máis de 100 familias, que se comprometeron para acoller aos estudantes ucraínos nos seus domicilios. Moitas destas alumnas saíron co posto, incluso algunhas sen instrumento, e os cidadáns de Vigo estiveron a traer ao conservatorio todo o necesario para axudalas.

En 2020 organizouse no CSM de Vigo un concerto protagonizado polos estudantes ucraniados acollidos no que manifestaron o seu agradecemento a cuantos fixeran o posible para traelos ata aquí. O próximo 20 e 22 de febreiro, o conservatorio espera que a cidade de Vigo mobilícese cunha participación numerosa nos concertos para render unha gran homenaxe e transmitir o apoio ás vítimas da guerra de Ucraína.

## **SOBRE O FESTIVAL NAS ONDAS**

O festival NAS ONDAS nace en 2016 coa premisa ser un escaparate para o brillante alumnado e profesorado do CSM de Vigo, destacados músicos do pánorama galego así como acreditados intérpretes, docentes e conferenciantes do panorama nacional e internacional, entre os que cabe destacar o alumnado e profesorado que visita o conservatorio no marco do programa Erasmus+.

NAS ONDAS 2024 pon de manifesto o extraordinario dinamismo do CSM de Vigo, o seu interese e compromiso coa cultura e, sobre todo, a vontade de ofertar á sociedade unha programación musical de calidade que mostre o impacto nacional e internacional do conservatorio e a excelencia do traballo desenvolvido pola súa comunidade educativa.



XUNTA  
DE GALICIA

CONSERVATORIO  
SUPERIOR DE MÚSICA DE  
VIGO

CSMV

**Fotos músicos ucráinos para concertos 20 e 22 de febreiro:** [t.ly/i-Tps](https://t.ly/i-Tps)

**Kit de prensa:** [t.ly/dUitz](https://t.ly/dUitz)

**Contacto prensa:** 625 617 498 (Andrea González)

**Máis información:** <https://www.csmvigoactividades.com>